

Venres, 5 de abril de 2019

Núm. 67

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEVEDRA

Urbanismo e Patrimonio

APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO POLÍGONO A DO SOLO URBANIZABLE A.1-2 DO PXOU

ANUNCIO DA APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO POLÍGONO A DO SOLO URBANIZABLE A.1-2 DO PXOU. PROMOTORA: INMOBILIARIA PONTENO SL. 2018/PROXURB/000001.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 25.03.2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

*“(...) Primeiro.—*Prestar aprobación, con carácter inicial, ao “Proyecto de urbanización del polígono A1-2 de uso comercial industrial (en su ámbito interior y en sus accesos y conexión con la PO-531)”, documento refundido de data febreiro 2019, promovido pola entidade mercantil “Inmobiliaria Ponteno SL”, na súa cualidade de propietaria única do polígono A do subsector do solo urbanizable A.1-2 do PXOU, no Vao, Campañó, para a súa execución material; proxecto que abrangue a seguinte documentación:

- Proxecto de urbanización correspondente ao “Ámbito 1”, vial interior e conexións, realizado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos José Plácido Gosende Tuñas;
- Proxecto de urbanización correspondente ao “Ámbito 2. Interior do polígono”, subscrito polos arquitectos Eugenio Jiménez Passolas, Gustavo Pérez Álvarez e Amador Rey Camiño e;
- Separata eléctrica, titulada “Refuerzo, adecuación y adaptación de la red de distribución existente de Cia. suministradora, extensión de red de la Cia y LMTS particular para suministro en media y baja tensión a locales del polígono comercial del Bao A 1-2”, asinada polo enxeñeiro industrial Fernando Fuentes Calderón e polo enxeñeiro técnico industrial Luis Alberto Tizón Cabaleiro.

*Segundo.—*Someter a información pública o proxecto aprobado inicialmente, polo prazo de un (1) mes, mediante anuncio que se publicará no “Boletín Oficial” da Provincia, na páxina web e na sede electrónica municipal www.sede.pontevedra.gal, nun dos xornais de maior difusión da provincia e no “Taboleiro de Edictos” do Concello de Pontevedra -computándose o remate do período dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, a efectos de que durante amentado prazo poida examinarse o expediente no Servizo de Urbanismo, Medio Ambiente e Patrimonio Histórico, sito na rúa dos Churruchaos núm. 2, baixo, en horario de oficina, ou ben a través da sede electrónica e formularse as alegacións e suxestións pertinentes, con notificación individualizada ás persoas propietarias de parcelas incluídas no polígono e nos sistemas xerais afectos. (...)”



Venres, 5 de abril de 2019

Núm. 67

Así mesmo, infórmase que nestas datas xa se atopa publicado na sede electrónica do Concello de Pontevedra (ligazón exacta a día de hoxe: <http://www.pontevedra.gal/areas/urbanismo-e-territorio/planeamento-urbanistico/planeamento-en-tramitacion/>) o contido íntegro do documento aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local, en cumprimento do disposto no artigo 7 da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Pontevedra, 02 de abril de 2019

O Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local

Raimundo González Carballo.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:Q7AWLQSYLUTKIQPU

